

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á UNIDADE DOCENTE DE ENFERMARÍA OBSTÉTRICO –XINECOLÓXICA (MATRONA).

En Santiago de Compostela, a 6 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordó co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **Don Juan Viaño Rey**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 62/2014, do 28 de maio, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse a subscribir este convenio, e para estes efectos.



EXPOÑEN


Primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade dende a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Segundo. Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei 6/2011, do 21 de decembro, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe do estudantado e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

Terceiro. Que é de interese común do Servizo Galego de Saúde e da Universidade de Santiago de Compostela a formación nas Ciencias da Saúde, nas súas diferentes etapas en tanto que, ambas as dúas partes teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.

Cuarto. Que a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde, e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando tradicionalmente no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde.

Quinto. Que unha vez detectadas as necesidades sanitarias da Comunidade Autónoma, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela subscribiron con data 1 de xullo de 1994 un convenio de cooperación para a constitución dunha unidade docente acreditada para a formación de especialistas en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matronas),



coa conseguinte habilitación para o exercicio profesional. A través deste convenio o Servizo Galego de Saúde comprometéase a garantir a dispoñibilidade dos servizos das Institucións Sanitarias de Atención Especializada e Atención Primaria relacionadas no seu anexo para a formación práctica da especialidade, e a Universidade de Santiago comprometéase a garantir a formación teórica da especialidade e asumía a coordinación da Unidade Docente, en atención ao interese compartido no desenvolvemento daquela formación.


Sexto. Que a unidade docente adaptouse ao disposto no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde, no Real decreto 1146/2006, de 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

Sétimo. Que o Servizo Galego de Saúde destina unha subvención para o adecuado funcionamento da unidade docente de enfermaría obstétrico-xinecolóxica, e debido á especificidade técnica da formación impartida naquela unidade docente e á necesidade de garantir a continuidade do seu funcionamento, fan imposible promover no presente caso a concorrencia pública.

Oitavo. Dada a especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, así como da actividade que desenvolve aquela, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

A Universidade de Santiago de Compostela cumpre os requisitos esixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

A Universidade comprométese ademais a cumprir as obrigas especificadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así calquera outra obriga que a normativa vixente en materia de subvencións exixa aos beneficiarios destas.



Polo anteriormente exposto, acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

É obxecto do presente Convenio establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para garantir o desenvolvemento do programa de formación da especialidade de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), de conformidade co establecido pola Orde SAS/1349/2009, do 6 de maio, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), e a coordinación do funcionamento da Unidade Docente de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica da Comunidade Autónoma.

Segunda. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- Formalizar os correspondentes contratos de traballo cos adxudicatarios das prazas en formación, segundo o establecido no Real decreto 1146/2006, de 6 de outubro.
- Establecer os centros hospitalarios e centros de saúde nos que se levará a cabo a formación, que en todo caso terán que estar acreditados para a formación de especialistas en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (recollidos no anexo).
- Por a disposición dos/as enfermeiros/as en formación as aulas, salas de reunión, material docente e biblioteca dos hospitais e centros de saúde acreditados.




- Facilitar a actividade dos/das docentes de ensinanza teórica necesarios/as, dos/das pertencentes ao persoal de equipo das Institucións Sanitarias que forman parte da Unidade Docente a vinculadas ao seu programa de formación.
- Financiar os gastos derivados do funcionamento da Unidade Docente, mediante a achega dunha cantidade que se determinará anualmente mediante a subscripción da correspondente addenda, e do que a súa cantidade anual non excederá dos 147.519,51 euros.

A distribución das devanditas achegas se determinará pola Comisión Mixta considerada na cláusula oitava deste Convenio.

Terceira. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela:

- Realizará as funcións de supervisión e control do desenvolvemento do programa formativo de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), de acordo co Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, propondrá ao xefe de estudos da Unidade Docente na que a súa designación, funcións, avaliación e recoñecemento farase segundo o establecido na Orden SCO/581/2008, de 22 de febreiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se fixan os criterios xerais relativos á composición e funcións das comisións de docencia, a figura do xefe de estudos de formación especializada e o nomeamento do titor.
- Destinará os fondos achegados polo Servizo Galego de Saúde a sufragar os custos derivados do programa teórico formativo e da coordinación da unidade, recollidos na memoria económica anexa a este convenio.
- Porá a disposición dos/as enfermeiros/as en formación os recursos que se precisen da Universidade (aulas, salas de reunión, material docente, etc.)
- Planificación do cadro de persoal docente e investigador que imparte docencia teórica na especialidade de enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matronas).



- Establecer os procedementos de selección e provisión temporal de postos de persoal docente e investigador contratado como profesor asociado P6, financiados anualmente mediante a subscripción da correspondente addenda.
- As prazas de profesorado convocadas a partires da entrada en vigor do presente convenio estarán vinculadas a efectos de planificación docente á área de coñecemento 994, correspondente a especialidade de enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrona).

Así mesmo, consonte co que establecen os artigos 40.1, g) e h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da Universidade de Santiago de Compostela, en tanto que beneficiaria:


- dunha banda, a de reintegro, total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión,
- e doutra, a de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino da subvención.

Cuarta. Compensación económica

A Universidade de Santiago de Compostela é a beneficiaria da subvención, para así garantir o funcionamento da unidade docente acreditada que permita a formación de especialistas en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matronas).

O Servizo Galego de Saúde participará no financiamento da actividade cunha achega máxima de 147.519,51 euros, a cargo da partida orzamentaria 1571.412A.444.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2017, na que existe crédito axeitado e suficiente.

A concesión desta axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento



público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Respecto ao modo de pagamento e forma de xustificación pola beneficiaria da aplicación dos fondos percibidos, esta achega económica farase efectiva contra a presentación por parte da Universidade de Santiago de Compostela da xustificación dos gastos realizados, consistentes en orixinais ou copias compulsadas de facturas ou documentos con valor probatorio equivalente, nóminas, ou boletíns de cotización á Seguridade Social.

Quinta. Comisión de docencia

A Unidade Docente contará cunha Comisión de Docencia, constituída conforme ao Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, así como á Orde SCO/581/2008, do 22 de febreiro.

Sexta. Prazas formativas

A capacidade da Unidade Docente é de 20 prazas acreditadas. A oferta anual de prazas será formulada polo Servizo Galego de Saúde, oída a comisión de seguimento, de acordo coa capacidade docente da unidade e a dispoñibilidade orzamentaria e a demanda estimada de profesionais.

Sétima. Persoal

A subscrición do presente convenio ou das súas addendas non suporá relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que participen na actividade da unidade de docencia e o Servizo Galego de Saúde e a Consellaría de Sanidade, de tal xeito que non se lles pode exixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento desta.

Oitava. Comisión de seguimento

Para o seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta, formada por tres membros de cada unha das Institucións asinantes, designados polo representante da Institución respectiva.



A large, stylized handwritten signature in blue ink, located to the right of the stamp.

A Comisión terá como función primordial o seguimento, avaliación e resolución das cuestións que se formulen durante a aplicación deste, elevando ás instancias competentes das Institucións que o subscriben, as propostas de resolución correspondentes.

A Comisión Mixta constituirase no prazo dun mes, a partir da subscrición do convenio.

A súa presidencia será rotatoria por cursos académicos, correspondendo a primeira quenda ao Servizo Galego de Saúde.

A Comisión reunirase cando menos dúas veces en cada curso académico, adoptará os acordos por unanimidade e levantará acta do contido de cada unha das reunións. De forma supletoria aplicarase o disposto, respecto dos órganos colexiados, na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Ademais das reunións ordinarias debe regularse a posibilidade de solicitar de xeito motivado da presidencia a convocatoria da comisión para tratar algunha cuestión de interese común común con carácter extraordinario, a petición de todos os membros dunha das dúas institucións.


Novena. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido nas cláusulas segunda e cuarta respecto das achegas do Servizo Galego de Saúde, o presente convenio terá efectos dende o día da súa firma e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2017, podendo prorrogarse no seu caso mediante a subscrición da oportuna addenda, de conformidade co disposto na cláusula segunda, e que deberá ser subscrita con anterioridade á data de vencemento do convenio. Neste caso, as partes comprométense a continuar as actividades docentes da Unidade ata a finalización do programa completo dos Enfermeiros/as Especialistas que se encontren en formación.

Décima. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, o incumprimento, total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, ou denuncia expresa por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de tres meses á data de fin de vixencia.

Undécima. Natureza do convenio



Este Convenio é de natureza administrativa e rexeráse polas estipulacións nel contidas. A xurisdición competente para dirimir os conflitos que puidesen resultar deste será a contencioso-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Duodécima. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, os representantes das entidades asinan o presente Convenio en catro exemplares orixinais igualmente válidos e estampan neles as súas respectivas firmas no lugar e na data mencionadas.

Polo Servizo Galego de Saúde



D. Jesús Vázquez Almuiña

Pola Universidade de Santiago de Compostela



D. Juan Vaño Rey

**ANEXO. DISPOSITIVOS HOSPITALARIOS E DE ATENCIÓN PRIMARIA DO SERVIZO GALEGO DE
SAÚDE QUE FORMAN PARTE DA UNIDADE DOCENTE**

PROVINCIA	DISPOSITIVOS HOSPITALARIOS	DISPOSITIVOS ATENCIÓN PRIMARIA	PLAZAS ACREDITADAS
A CORUÑA	D.H. UNIVERSITARIO A CORUÑA	DOF GREGORIO HERNÁNDEZ DOF MIGUEL SERVET DS ADORMIDERAS DS CAMBRE DS ELVIÑA-MESOIRO DS LABAÑOU DS VENTORILLO	4
	D.H. ARQUITECTO MARCIDE-PROFESOR NOVOA SANTOS	DOF FERROL DS NARON DS SERANTES	2
	D.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	DOF FONTIÑAS DS CONXO DS LA ESTRADA	3
LUGO	D.H. UNIVERSITARIO XERAL-CALDE	DOF LUGO DS FINGOI	2
OURENSE	D.H. DE OURENSE	DOF CARBALLINO DOF OURENSE DS A CUÑA-MARIÑAMANSA DS NOVOA SANTOS DS VALLE INCLAN	2
PONTEVEDRA	D.H. DE PONTEVEDRA	DOF PONTEVEDRA DS VIRGEN PEREGRINA	2
	D.H. UNIVERSITARIO DE VIGO-BOXI VIGO	DOF CÁNOVAS DEL CASTILLO DOF PINTOR COLMEIRO DS LAVADORES DS MATAMA DS SARDOMA DS VAL-MIÑOR	5

TOTAL C.A. DE GALICIA	20
------------------------------	-----------

